

M<sup>a</sup> E. Martínez Eiras (2004): “Os sufixos verbais na *Crónica Troiana*”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 219-225.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## OS SUFIXOS VERBAIS NA *CRÓNICA TROIANA*<sup>1</sup>

*M<sup>a</sup> Esther Martínez Eiras*

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Neste traballo trato de facer un estudio do proceso de sufixación verbal no galego desta obra medieval do s. XIV: a *Crónica Troiana*. Escollín esta e non outra por ser a máis fiable de todo canto temos da época medieval, ademais da súa riqueza lingüística.

Así, unha vez feito un estudio exhaustivo das formas verbais derivadas, puíden chegar a unhas conclusións que, xunto con posteriores estudos do resto das obras medievas, poderanse facer xerais á lingua do medievo.

O método de traballo foi o seguinte: partindo dun listado de tódolos verbos que aparecen na obra, quedei tan só con aqueles que eran verbos derivados a través de sufixos. Nun seguinte paso eliminei aqueles verbos xa con derivación no latín, ex. APPARICULARE (aparellar), SIGNIFICARE (significar). Derivados ben no latín clásico ou no latín tardío sempre e cando a forma estea documentada na época latina, quedando só coas formas de creación romance. Chegando así ó corpus final co que fixen a clasificación que máis adiante presento.

Distinguirei dous grandes apartados segundo o tipo de derivación ó que a forma é sometida: un apartado referente á derivación inmediata e outro á derivación mediata.

Falo de derivación inmediata cando o que actúa como factor derivativo non é un sufixo propiamente dito, senón que é un morfema obrigatorio (a vocal temática) ex. ‘cobizar’ (cobiza), ‘casar’ (casa), etc.

Pola contra estamos ante un caso de derivación mediata cando a desinencia verbal é precedida por un sufixo ex. ‘guerrear’ (guerra), ‘ennobrecer’ (nobre).

Fago esta diferenciación por unha razón moi sinxela; nunha primeira ollada pódese observar que un elevadísimo tanto por cento das formas derivadas pertencen a ese grupo de verbos derivados a través da vocal temática, polo que é interesante facer un estudio

<sup>1</sup> Este relatorio foi feito no marco do proxecto de Gramática Histórica que se desenvolve no Instituto da Lingua Galega gracias á subvención da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

específico das mesmas. No segundo grupo vai o resto das formas divididas segundo sexa pertinente.

Por outra parte dentro de cada un dos grupos hai que ter en conta a diferenza entre formas simples, é dicir, a derivación dáse tan só por medio dun sufixo, e formas parasintéticas onde hai prefixación e sufixación á vez.

Antes de comezar co estudio dos sufixos parece importante falar brevemente do tema da parasíntese.

Xeralmente defínese a parasíntese como, un tipo de derivación por medio do que se forma unha nova unidade léxica pola aglutinación simultánea ó radical dun prefixo e un sufixo, ex. ‘entristecer’ (triste).

A discusión xorde cando se quere estruturar unha palabra parasintética. Non habería problema estrutural se falasemos, dun só constituínte, serían palabras con entrada no dicionario básico da lingua. Como a situación non é esta, temos que decidir por unha das posibles opcións.

Das propostas que se deron quedo coa que considera tres constituíntes na análise destas formas: un prefixo, unha base e un sufixo. ex. ‘enverdecer’ (verde). Esta é a solución que propón, entre outros, o profesor S. Alcoba Rueda (1987: 245-68).

## 1. DERIVACIÓN INMEDIATA

Como xa mencionei na introducción, fálase de derivación inmediata cando é a desinencia verbal (a vocal temática) o elemento de derivación.

Pódese dicir que a derivación a través da vocal temática *-a-* é con moita diferenza a máis productiva. Dende a época latina o número de verbos derivados en *-a-* é moi superior ó total dos restantes verbos derivados.

Así temos que, na obra estudada para o presente traballo, o número de formas derivadas en *-a-* representa o 80% do total.

A base sobre a que se forman estes verbos é un substantivo na maioría dos casos, ex. ‘ameaçar’ (ameaça), ‘aenturar’ (aventura), ‘marauillar’ (marauilla), ‘remar’ (remo), ‘abraçar’ (braço), ‘aneboar’ (néboa), ‘descabeçar’ (cabeça), ‘esterrar’ (terra), etc.

Tamén é importante o número de formas cunha base adxectiva ex. ‘alegrar’ (alegre), ‘ygualar’ (ygual), ‘auiuar’ (uiuo), ‘engrossar’ (grosso), ‘empeorar’ (peor), ‘refrescar’ (fresco), etc.

Por último, temos dúas formas cunha base adverbial, é o caso de ‘ençimar’ (ençima) e ‘adiantar’ (adiante).

En canto ó seu valor semántico, hai que dicir que non dota ós verbos que crea dunha determinada nota de significación.

Como se pode observar nos exemplos que citei anteriormente, temos formas simples e formas parasintéticas nas que, ademais da sufixación está presente un prefixo. Do total de exemplos derivados en *-a-* as formas simples representan tan só un 39%.

### 1.1. Prefixo *a-*

Entre as formas parasintéticas hai que destaca-la presenza de verbos co prefixo *a-*, supoñendo arredor dun 50% ex. ‘abraçar’ (braço), ‘acabdelar’ (cabedel) ou as variantes ‘acabdillar’ e ‘acaudillar’ (caudillo), ‘amansar’ (manso), ‘aproveitar’ (proveito), ‘aportar’ (porto), etc. Semanticamente é un prefixo con valor 0 nestes casos.

### 1.2. Prefixo *en-*

Por orde de aparición séguelle o prefixo *en-*, que forma verbos nos que vai expresa, en forma de acción, a idea do nome que serve de base, é o caso de:

‘ençimar’ (ençima): “dar fin, acabar.”

‘engrossar’ (groso): “facer algo máis grosa.”

‘enlaçar’ (laço): “unir, atar algo con lazo. etc.”

Destaca a aparición deste prefixo en ‘enuerçonçar’ cando na actualidade o que temos é ‘avergonzar’ co prefixo *a-*; no caso de ‘enforquar’ aínda que se oe a miúdo ‘aforcar’ o VOLGA (Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega)<sup>2</sup> recolle as dúas formas como sinónimas.

Por outra parte, hai que comenta-lo verbo ‘ençimar’ co significado de “dar fin, acabar algo” que hoxe non existe. Ex.: “*Et bẽ sabedes uos que per ñĩ cõquerestes Troya et acabastes esta guerra, que era tã grande d’ençimar*”. (Cr. Tr. cap. 442, páx. 671).

Documéntase na época a variante ‘açimar’ (çima) co mesmo valor, ex. das *Cantigas de Santa María*: “*u acimou ssa uida*”. (CSM. nº 201, páx. 644).

### 1.3. Prefixo *des-*

Temos a continuación formas co prefixo *des-*, que lles pode dar xeralmente distintos significados ás unidades que forma: “negación ou oposición da palabra simple”, “privación, desposesión”, “fóra de”, “exceso”, “afirmación con intensidade”. Nos exemplos que aparecen na *Crónica...* o prefixo engade o valor de “privación, desposesión” na maioría dos casos.

Ex. ‘desapoderar’ (poder): “saca-lo poder de algo ou simplemente sacar algo a alguén.”

“descabeçar’ (cabeça): “sacar, corta-la cabeza a alguén.”

‘desterrar’ (terra): “privar a alguén de estar no seu territorio, botar fóra da terra.”

Temos unha excepción no verbo ‘despedaçar’ (pedaço) que significar “facer anacos dunha cousa”. Ex. “*Et alý oyriades retenir elmos et veeriades despedaçar escudos et cauleyros caer mortos et malchagados...*” (Cr. Tr. cap. 136, páx. 353).

### 1.4. Prefixo *es-*

Na Idade Media tiñan o mesmo valor na maior parte dos casos; excepto ‘esforçar’ as outras tres formas con *es-* son sinónimas das formas con *des-* tamén presentes no libro: ‘escabeçar’, ‘espedaçar’ e ‘esterrar’. Aínda hoxe ‘escabezar’ é recollida no *VOLGA*

<sup>2</sup> R.A.G / I.L.G, *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (Versión provisional), 2 vols. [1989].

(Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega) como sinónima de ‘descabezar’ e mesmo prefere a primeira á segunda.

No caso de ‘esforçar’ non se pode falar dun valor semántico que máis ben é nulo, temos un valor de aspecto durativo fronte ó verbo ‘forçar’ que ten un valor máis puntual. Ex. “*Et ño auía y marineyro tã sesudo ñẽ tã maestre que se soubese consellar, ñẽ esforçar a si ñẽ a outro.*” (Cr. Tr. cap. 462, páx. 690).

### 1.5. Prefixo *re-*

Finalmente temos unha forma ‘refrescar’ (fresco) co prefixo *re-*, prefixo que ten varias acepcións: “duplicación ou repetición”, “intensificación ou énfase”, “acción en contra”, “movemento cara atrás” etc. No exemplo que temos aquí ten un valor semántico 0 e un valor de aspecto reiterativo. Ex. “*Agora ño aia y mays perlongança, mays dádame mill caualeyros pera rrefrescar nosas azes,...*” (Cr. Tr. cap. 138, páx. 356).

### 1.6. Formas en *i-*

Xa para rematar coa derivación inmediata falarei de catro formas que temos en *i-*: ‘bastir’ (bastjan), ‘escarnir’ (skarnjan), ‘gorir’ (guarjan) e ‘gornir’ (guarnjan).

Son formas antigas que máis tarde deron os correspondentes: ‘basteçer’, ‘escarneçer’, ‘goreçer’ e ‘gorneçer’. De aí a produtividade do sufixo *-eçer* na Idade Media do que falaremos máis adiante.

Mentres ‘bastir’, ‘escarnir’ e ‘gornir’ non permaneceron no galego actual, pois foron substituídos polos verbos mencionados, ‘gorir’ consérvase hoxe pero só nas formas arrizotónicas, é dicir, as que levan o acento fóra da raíz. ex, ‘goriría’.

Nalgún caso entre a forma máis antiga e a posterior houbo algunha diferenza de significado, alomenos nun primeiro momento, aínda que pouco a pouco foi esvaecendo.

Disto falo a continuación, dentro xa, do que é a derivación mediata tratando o sufixo *-eçer*.

## 2. DERIVACIÓN MEDIATA

Fálase de derivación mediata cando a desinencia verbal é precedida por un sufixo ex. ‘escorecer’ (escuro).

Despois da vocal temática *-a-*, pódese afirmar que o sufixo máis productivo no galego da *Crónica Troiana* é *eçer-*.

### 2.1 Sufixo *-eçer*

É o máis productivo na época. Continúa a variante latina *-esce/re-*.

Pode indicar incoatividade ou factividade. O pronome ‘se’ engadido ó verbo é o que dá a nota de incoatividade. Así temos por ex. “*...et amorteçeuse aquel día mais de çen uezes*”. (Cr. Tr. cap. 333, páx. 568).

Actúa sobre bases nominais e verbais, pero faino con moita máis intensidade sobre bases nominais, especialmente sobre adxectivos. Ex. ‘escurecer’ (escuro), ‘ennobrecer’ (nobre), ‘enristecer’ (triste), enuerdecer (uerde), etc., con substantivos ‘anoitecer’ (noite).

Os deverbativos en *-ecer* son case sempre sobre verbos en *-i*. A pesar de non haber un gran número de verbos en *-ecer* de creación romance, alcanzaron gran frecuencia de uso ó substituír ós seus dobres en *-i*. Ex. xa citados no punto anterior: ‘bastezer’ (bastir), ‘escarnezer’ (escarnir), ‘gorezer’ (gorir) e ‘gornezer’ (gornir). A continuación falarei brevemente de cada unha destas formas.

Bastir: significaba xa “abastecer, prover, equipar” tamén reflexivo ou “tramar, preparar algo” que seguramente foi o primeiro significado do verbo. Este é o valor que presenta o exemplo que temos de ‘bastir’: “*Et da outra parte fezerõ hũa cadeyra tâ noble et tâ rica ... que o mays rico emperador que nũa fuy en Alamaña nẽ en Rroma nõ podería tâ bẽ bastir nẽ comprar*” co valor de “preparar, facer”. (Cr. Tr. cap. 246, páx. 473).

Sobre ‘bastir’ formouse ‘bastezer’ co mesmo significado. Ex. “*Et bastezerõ moy ben tódoslos muros et as torres de armas...*” (Cr. Tr. cap. 125, páx. 325).

Hoxe temos a forma ‘abastecer’ co prefixo *a-*, non se conserva ‘bastir’ nin ‘bastecer’.

Escarnezer: formado sobre ‘escarnir’ ten o valor de “aldraxar, burlarse de alguén”. Ex. “*...ca este he aquel que nos ha confundido et maltreytos et escarnjçidos*”. (Cr. Tr. cap. 153, páx. 376).

A forma consérvase co mesmo significado.

Gorezer: formado sobre o máis antigo ‘gorir’.

Na Idade Media ‘gorir’ significaba “protexer, salvar, resgardar” ou tamén as construcións intransitivas “curar, resgardarse, gaña-la vida.” Cando aparece ‘gorezer’ ó comezo os sentidos eran os mesmos pero logo predomina o uso intransitivo ou reflexivo.

Nos exemplos que temos na *Crónica*... aparecen dous participios de ‘gorir’ co valor de “curado”. Ex. “*...et conta cõmo Éytor foi gorido da saetada*.” (Cr. Tr. cap. 207, páx. 436).

Nos exemplos de ‘gorezer’ alterna o significado de “resgardarse” ex. “*...e fogiã todos aos tẽplos por gorezer ali*.” (Cr. Tr. cap. 7, páx. 226) co de “curado” ex. “*Et dom Achilles é chagado mal et gorezerá moi bem, que á muy bõo maestre*” (Cr. Tr. cap. 244, páx. 471)

Isto demostra que aquí os valores alternaban indistintamente.

Gornezer: formado sobre o antigo ‘gornir’.

Mentres ‘gornir’ significaba “coidarse, resgardarse, salvarse” o posterior ‘gornezer’ mantén o significado da base e ademais engade o valor de “abastecer, prover.” Ex. “*...et gornezeoas moy bem de viandas...*” (Cr. Tr. cap. 2, páx. 217) co valor de “bastezer”.

Ó igual que sucedía coa vocal temática *-a-* hai o dobre de formas parasintéticas que simples. O prefixo maioritario é *en-*: ‘embrauezer’ (brauo), ‘enfrauezer’ (fraco), ‘en-

sandeçer' (sandeu), etc. pero tamén hai tres verbos co prefixo *a-* : 'amorteçer' (morte), 'anoiteçer' (noite) e 'amudeçer' (mudo).

Hai que fixarse neste último verbo que aquí aparece con *a-* cando hoxe temos 'enmudecer' con *en-*.

## 2.2. Sufixo *-ear*

De notable produtividade ó longo da historia da lingua. Sen embargo, só atopamos aquí tres exemplos de creación romance, o que ten a súa explicación lóxica.

É un sufixo do que aparecen os primeiros exemplos nos séculos inmediatamente anteriores ó s. XIV (data da *Crónica...*), razón pola que, nese momento aparecía en pequena proporción.

Atribúese a súa orixe á variante popular latina *-idi-a* do sufixo *-iz-a-*.

Os verbos formados sobre substantivos coinciden en marcar un proceso iterativo (un proceso é iterativo cando a súa realización supón a execución dunha serie sucesiva de actos).

Ex. 'apedrear': "tirar pedras contra algo ou alguén."

Nesta obra aparece 'apedrear' co sufixo *-ea* pero tamén 'apedrar' só coa vocal temática como elemento derivativo. No galego actual é 'apedrar', sendo 'apedrear' a forma castelá. En principio esta vacilación podería deberse a que se trata dunha obra traducida ó galego. Sen embargo non podemos afirmar isto con total seguridade.

As outras dúas formas co sufixo *-ear* son: 'guerrear' e 'marear'. Aquí o morfema *ea-* non marca precisamente un proceso iterativo senón que o que fai é marca-la acción sen máis.

## 2.3. Sufixo *-ia*

Temos finalmente o sufixo *-ia* no verbo 'bafear' (bafo).

O valor deste sufixo é de tipo aspectual e dá un sentido frecuentativo, durativo.

## 2.4. Interfixo *-ur-*

Antes de rematar quero comentar brevemente tres formas verbais: por un lado 'apressurar' (présa) onde o que hai é un caso de derivación a través da vocal temática pero precedida do interfixo *-ur-*.

Por outra parte están os onomatopeicos 'apupar' (pu-pu) e 'topar' (top) formados tamén pola vocal temática *-a-*, o que axuda a reforza-la idea de que é este o factor derivativo por excelencia no sistema verbal estudado.

## CONCLUSIÓNS

Chegado a este punto non me queda máis que dá-las conclusións extraídas do meu estudo:

–A vocal temática (-a-) é o elemento derivativo máis común no sistema verbal da *Crónica Troiana*.

–A parasíntese é outro factor xeral do dito sistema, pois temos un 62% de formas parasintéticas fronte a un 38% de formas simples.

–Trala vocal temática -a- segue o sufixo -eçer como o máis productivo.

Estas ideas, penso que poderán ser corroboradas, como xa dixen ó comezo, con posteriores estudos das restantes obras medievais.

## BIBLIOGRAFÍA

- Alcoba Rueda, S. (1987), “Los parasintéticos: constituyentes y estructura léxica”, *Revista de la Sociedad Española de Lingüística*, 17/2, 245-68.
- Álvarez, R. et alii, *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1992<sup>3</sup>.
- AA.VV., *Diccionario normativo galego-castelá*, Vigo, Galaxia, 1988.
- Corominas, J., *Diccionario crítico etimológico de la lengua castellana*, 4 vols., Madrid, 1954-57.
- Ferreira, Aurélio Buarque de Holanda, *Novo dicionário Aurélio da língua portuguesa*, Rio de Janeiro, Nova Fronteira, 1986<sup>2</sup>.
- García de Diego, V., *Diccionario etimológico español e hispánico*, Madrid, Espasa-Calpe, 1985<sup>2</sup>.
- Lang, M.F., *Formación de palabras en español*, Madrid, Cátedra, 1992.
- Lorenzo, R. (ed.), *La traducción gallega de la Crónica general y de la Crónica de Castilla*, T. II, Ourense, Instituto de estudios orensanos “Padre Feijoo”, 1977.
- Machado, J. P., *Dicionário etimológico da Língua com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*, 5 vols., Lisboa, Livros Horizonte, 1977<sup>3</sup>.
- Moliner, M., *Diccionario del uso del español* 2 vols., Madrid, 1970.
- Michaëlis de Vasconcelos, C., *Glossário do Cancioneiro de Ajuda*, separata da *Revista Lusitana* vol. XXII, Lisboa, Clásica Editora, 1921.
- Parker, K.M., *Vocabulario de la Crónica Troyana*, Salamanca, Acta Salmanticensia, IVSSV senatus, Universitatis, 1958.
- Pena, J., *La derivación en español: verbos derivados y sustantivos verbales*, *Verba*, Anexo 16, Universidad de Santiago de Compostela, 1980.
- RAG e ILG, *Vocabulario Ortográfico da lingua galega*, (Versión provisional), 2 vols. [1989].
- Rodrigues Lapa, M., *Vocabulário galego-português*, extraído da edição crítica das *Cantigas d’escarnho e de mal dizer*, Vigo, Galaxia, 1970.
- Väänänen, V., *Introducción al latín vulgar*, Madrid, Gredos, 1988<sup>3</sup>.
- Varela Ortega, S., *Fundamentos de morfología*, Madrid, Síntesis, 1990.
- Varela Ortega, S., *La formación de palabras*, Madrid, Taurus, 1993.